# TWITTER COMO FERRAMENTA DE APRENDIZAXE: OPORTUNIDADES E DIFICULTADES.

II Encontros de intercambio de experiencias educativas. Compartindo boas prácticas.

Alfredo Blanco Martínez e María Vilariño Suárez, IES Agra do Orzán (A Coruña)

# Índice da presentación


- Experiencia 1
- Proposta pedagóxica da Experiencia 1
- Obstáculos e retos da Experiencia 1
- Experiencia 2
- Análise da experiencia 2
- Resultados
- Valoración final

# Experiencia 1: creación de textos narrativos en Twitter

- En fase de construción.
- Participantes: 90 estudantes de 3.º
- Materia: Lingua castelá e Literatura.
- Finalidade: Creación dun texto narrativo de xeito colaborativo.
- Obxectivo específico: a narración e a creatividade ao servizo das redes sociais.
- Temporalización: 3.ª Avaliación.

# Experiencia 1: creación de textos narrativos en Twitter



# Experiencia 1: creación de textos narrativos en Twitter

- Obstáculos e retos

- Alumnado
- Familias
- Profesorado
- Equipo directivo

# Experiencia 2: lectura colaborativa dunha obra poética en Twitter

Orixe do proxecto:

-Interese por incluír entre as lecturas do curso unha obra poética.

-Necesidade de salvar posíbeis reticencias iniciais do alumnado cara ao xénero lírico.

-Necesidade de idear un sistema de avaliación da lectura global e rico.

-Interese por integrar as TIC en relación coa poesía.



# Retos iniciais

- Revisión a fondo das características das diferentes redes sociais para comprobar a potencialidade de cada unha delas de cara ao proxecto.
- Reticencias por parte do alumnado e dalgunhas familias que preferían un modelo de avaliación máis tradicional.
- Reticencias por parte do alumnado por preconceito cara á rede social seleccionada.

# Características básicas do proxecto

- Idea base: permitir unha lectura baseada na interpretación e na recreación dos poemas da obra ao tempo que a poesía se conecta con outros elementos artísticos ou non.
- Destinatarios/as: un grupo e medio de 3.º de ESO, un total de 35 alumnos/as de entre 14 e 17 anos.
- Temporalización: terceiro trimestre, desde o 10 de maio até o 20 de xuño de 2017.
- Elaboración dunha rúbrica de coavaliación.
- Desenvolvemento de actividades variadas e significativas, con diferentes graos de dificultade e distintas temporalizacións.

# Actividades realizadas

- Presentación na rede social
- Realización de dinámicas propias de Twitter (seguir á conta do traballo, seguir a compañeiros/as...) sinxelas.
- Creación e utilización de hashtags tanto xerais como adaptados a tarefas concretas.
- Selección dun poema favorito e divulgación a través de Twitter.
- Comentario do poema favorito dun/dunha compañeiro/a.
- Realización dunha *selfie* co libro e de fotografías grupais.
- Mención a persoas alleas aos grupos, mais vinculadas coa lectura: Celia Torres, Editorial Xerais, Manuel Bragado.
- Relación entre poemas e cancións.
- Creación de memes/Gravación de vídeos.
- Reto da hora: un total de 14 retos deseñados inicialmente para durar unha hora. Puntuación extra para a primeira colaboración acertada e penalización da información repetida.

Retos:

- Biografía e obra de Carlos Negro.
- Cubertas dos libros de Carlos Negro.
- Entrevista a Carlos Negro ou recitado dun poema por parte do autor.
- Interpretación das citas que abren *Penúltimas tendencias*.
- Vínculo da dedicatoria da obra cunha muller que responda a esas características (A todas as mozas que non admiten costuras nos labios).
- Tema e interpretación de “It girl”.
- Procurar poemas con mención á cor rosa e interpretación desa referencia.
- Fotografía que ilustre un poema.
- Enquisa sobre o tema dun poema.
- Explicacións sobre Motoko e Akane.
- Poema que fale de cambios.
- Poema que fale da liberdade persoal.
- Exemplos de recursos literarios.
- Opinión xeral sobre a obra e sobre o proxecto de lectura.

# Creación de hashtags xerais



# Foto grupal 3.º A



# 5.º Reto da hora

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 26 may. 2017

No chío porque a escolledes. #Penúltimastendencias #Veñaqueéfácil #Puntoapunto #Lendoconritmo #Somostendencia 5.° #Retodahora (2/2)

1 2

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 26 may. 2017

Chega o 5.° #Retodahora. Tedes até o sábado ás 18 h. Revisade a dedicatoria do libro e buscade a foto dalgunha muller así, explicade (1/2)

Traducir del portugués

2 1 4

# Mulleres significativas (dedicatoria da obra)






# 7.º Reto da hora

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017

Comeza o 7.º#Retodahora: debedes procurar o título dalgún poema que mencione a cor rosa ou explicar porque se asocia esta cor coas (1/2)

12

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017

Coas mulleres e se sempre foi así. Ollo que a info repetida non puntúa! #Ánimo! #Apolo10 #Somostendencia (2/2)

1

Retwitteado por ti

**Desirée** @clueless_girl25 · 31 may. 2017

@Penultimastend Encántanme o poema favorito de @roocioo__12



**Rocío** @roocioo__12

#Omeupoemafavorito #lendoconritmo #somostendencia @Penultimastend @Xerais @CeliaTorresBo

1 1 2

# E ampliación do 7.º Reto

**Penúltimastendencias**
@Penultimastend

7.°#Retodahora: punto extra para o/a primeiro/a que explique ben que ten que ver esta foto que se viralizou hoxe co que estades a dicir

Traducir del portugués




11:23 - 31 may. 2017

1 Me gusta

4 · 1

---

**Daniel Tourinho** @Dani_TourinhoP · 31 may. 2017
En respuesta a @Penultimastend
Non sei🤔
1

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017
Fixádevos no fun, que tapa? Que oculta? Que cambia? Por que?
1

**Antia Lopez** @antia_49 · 31 may. 2017
Tapa feminist e o sustituye por funminist porque quere facer pensar que o feminismo é aburrido. E pon o cor rosa para chamar atención.
1 · 1 · 1

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017
Hummm, chegas algo tarde, mais non sei que facer
#oteupuntoextravounomeditarcoaalmofada
Traducir del portugués
1 · 1

**Antia Lopez** @antia_49 · 31 may. 2017
Volveronseme a adelantar 😂 á próxima vez non será así 💪.
1

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017
Di que si! 😉💪

**Alex pazos lago** @minitxo · 31 may. 2017
En respuesta a @Penultimastend
quitan o fe de feminist e poñen fun coma se fose unha tonteria este tema
#agorasi @Penultimastend
1 · 1 · 1

**Penúltimastendencias** @Penultimastend · 31 may. 2017
Punto extra para ti e para @_alicialopez25 #3Ctaménquereiraportodas

# Fotografía e poesía

**Ángela Tilve** @ahadahask14 · 3 jun. 2017
Recordame ao poema "Radikal Punk"
#8RetoDaHora #RadikalPunk #NazoDeNovoEConMoiMalaHostia
@Penultimastend

Traducir del portugués



1 1 1

Retwitteado por ti
**Rocío** @roocioo__12 · 3 jun. 2017
@Penultimastend 3MSC #SOMOSTENDENCIA #RETODAHORA #MAÑASIGO



# Enquisa sobre o tema

Retwitteado por ti

**Alicia López** @_alicialopez25 · 5 jun. 2017

3MSC @Penultimastend #9°RetoDaHora

- **75%** Expresa que nada dura
- **25%** Moza namorada
- **0%** Mozo namorado
- **0%** Disfrutar o tempo

4 votos • Resultados finales

2 1

Retwitteado por ti

**Antia Lopez** @antia_49 · 5 jun. 2017

@Penultimastend Non teño ganas de ti

- **0%** Nena enfadada co mundo
- **50%** Enfado co novio
- **50%** Non é aceptada

2 votos • Resultados finales

2 1

Retwitteado por ti

**Dieder Fernandez** @didifv2013 · 5 jun. 2017

Monster girl cal é o sea tema? Que opinades @Penultimastend por se xa o puxeron antes ca min😅

- **43%** Considerome monstruo
- **57%** Diferente e orgullosa
- **0%** Extraña ,rara

7 votos • Resultados finales

# Cancións e poemas

Retwitteado por ti

**Troleador46** @troleador46 · 19 jun. 2017

En respuesta a @Penultimastend

O mellor é a manera de usar os recursos literario nos poemas.O malo é que algúns son difíciles d entender pero así dan mais tensión ós retos

1 1 1

Retwitteado por ti

**iTz_CaRLoS** @MiniCarlos350 · 19 jun. 2017

youtu.be/a8dS0aQ03ZI Este e o link da canción que concorda co poema 5 razóns pilas que cortaría contigo @Penultimastend



**María José - Las Que Se Ponen Bien la Falda ft. Ivy ...**

Music video by María José performing Las Que Se Ponen Bien la Falda. (C) 2016 PROMOTODO MéXICO, S.A. DE C.V. http://vevo.ly/iJRkFR Best of MariaJose: h...

youtube.com

1 1

Retwitteado por ti

**iTz_CaRLoS** @MiniCarlos350 · 19 jun. 2017

Concorda porque o poema fala de que as mulleres non son xoguetes,ellas poden ir onde querían aos sitios sen permiso do home @Penultimastend

1 1 1

# Memes





Fóra de control

*A quen chamo, como visto, onde andabas metida...*

En canto valoras, *my boy*, este corte de mangas?

# Opinións sobre a obra

Retwitteado por ti

**Alicia López** @_alicialopez25 · 19 jun. 2017

@Penultimastend 14° #RetoDaHora gustoume moito que dea a coñecer o que sentimos as mulleres cuando nos tratan de forma machista e (1/2)

1 1

Retwitteado por ti

**Alicia López** @_alicialopez25 · 19 jun. 2017

@Penultimastend e menospreciada, ademáis gustoume tamén que fora expresada dende a voz dunha rapaza adolescente.

2 1

Retwitteado por ti

**Alicia López** @_alicialopez25 · 19 jun. 2017

@Penultimastend o que menos me gustou foi a repetición de cousas en varios poemas, é dicir, repetían o mesmo conflito en moitos poemas.

1 1

Retwitteado por ti

**Javi Durán** @Duran__12__ · 19 jun. 2017

Pero non me gustaron os poemas nos que os personaxes ían de listos e que son os reis do mundo @Penultimastend #Retodahora (2/2)

1 1 1

Retwitteado por ti

**Javi Durán** @Duran__12__ · 19 jun. 2017

O que me gustou máis do libro foron os poemas nos que os personaxes daban a cara e dicen o que pensan. @Penultimastend #Retodahora (1/2)

1 1

Retwitteado por ti

**Jose Pérez Area** @JosePrezArea1 · 19 jun. 2017

@Penultimastend

O que mais me gustou foi cas mulleres tomen elas mesmas a suas decisions e non outras persoas

Traducir del portugués

1 2

# Opinións sobre a obra



# Valoración final

## Fortalezas

- Posibilidade de traballar unha obra literaria dun modo diferente.
- Aproveitamento das redes sociais alén do lecer.
- Desfrute do alumnado e do profesorado, melloría do ambiente na aula e do clima dun dos grupos.
- Utilización de recursos totalmente actuais e adaptación das tarefas á actualidade.
- Autoavaliación do alumnado.

## Dificultades

- Mal cálculo das posibilidades de realización dos "Retos da hora".
- Exceso de tarefas nalgúns puntos e defecto noutros.
- Necesidade de realizar previamente unha sesión de lectura conxunta con todo o grupo.
- Tempo necesario para algunhas tarefas.
- Reticencias particulares do alumnado ou oposición das familias.